



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE VALGA PARA A DOTACIÓN DE SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN NA PO-190, DENDE O PQ: 0+470 AO PQ:1+290. SEGUNDA FASE

1. Antecedentes

A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias da rede unhas condicións de condución cómodas e seguras, mellorando os déficits na seguridade viaria e facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

2. Razóns de necesidade e oportunidade

A Axencia Galega de Infraestruturas licitou con data 11 de decembro de 2018 as obras de mellora na PO-190, vial de titularidade autonómica, pq 0+000 a 1+270, por importe de 357.899,56 €. O obxecto fundamental desta actuación consistía na reparación da rede de pluviais e a mellora das beirarrúas existentes.

As obras comezaron en marzo de 2019 e observouse ao realizar os traballos de reparacións das redes de pluviais o deterioro doutras redes de servizos municipais (abastecemento, saneamento e alumeado) que provocou a paralización das obras ante a imposibilidade de acometer a reparación destes servizos con cargo ás obras licitadas. Atendendo ás peculiaridades das circunstancias iniciouse a resolución do contrato.

Con data 09/01/2020 a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Valga asinaron un convenio para a *dotación de servizos e pavimentación na PO-190, do pq: 0+000 ao pq: 0+470. O concello redactou o proxecto* e encargouse de realizar as obras de mellora das redes de augas pluviais, de abastecemento e alumeado, arranxo das beirarrúas e renovación do pavimento da calzada e da sinalización horizontal e vertical. O convenio rematou a súa vixencia o 31 de decembro de 2020.

Este novo convenio é a segunda fase de ditas obras e comprende os pq 0+470 ao 1+290. As obras supoñen rematar unha actuación encamiñada a garantir un aumento da seguridade viaria na PO- 190 o seu paso polo concello de Valga, a través da mellora da rede de augas pluviais, a cal presenta danos en toda a súa lonxitude, da rede de abastecemento e alumeado a cal carece da funcionalidade necesaria, mellora das beirarrúas co soterramento da rede eléctrica, construción de varios muros, tanto de sostemento da estrada como de contención de terras, renovación na súa totalidade do pavimento da calzada e renovación da sinalización horizontal e vertical.





3.- Impacto económico

O custe total da actuación estímase en **531.498,30 €** IVE engadido, que será financiado pola Axencia Galega de Infraestruturas con cargo a partida orzamentaria 09.A1.512B.760.0, código de proxecto 1999-06714, coa seguinte distribución de anualidades:

ANO	IMPORTE	PORCENTAXE
2021	159.449,50 €	30%
2022	372.048,80 €	70%

4.- Carácter non contractual

O citado convenio é un acordo baseado nos intereses das partes que xera efectos xurídicos entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Valga e que non ten ánimo de lucro nin contido contractual.

5.- Xustificación da concesión directa dunha subvención

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 19,4 c), establece que poderán concederse de forma directa as subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras que debidamente xustificadas dificulten a súa convocatoria pública.

As obras previstas no convenio de referencia son a continuidade dunha actuación, que polo transtorno que ocasionaba á poboación, considerouse máis axeitado afrontala en dúas fases. Razóns de interese público económico e social xustifican dar continuidade a unha actuación iniciada no concello de Valga e finalizala coas obras descritas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias

(asinado dixitalmente)

